



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 10 DE DECEMBRO DE 2019

2.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores. Valídanse os gastos correspondentes a varios contratos menores: 1.661,64 euros a favor de Kapsch Trafficom Transportation, SA; e 32.848,23 euros a favor de Alcomte Galicia, SL, por obras de arranxos en Castrón Douro.

3.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da aprobación da conta xustificativa do convenio de comedores escolares relativo ao período correspondente do 10 de setembro ao 30 de novembro de 2019, do curso escolar 2019-2020. Dáse conta da aprobación da devandita conta xustificativa, pola cantidade de 32.452,56 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns relativa á liberación de crédito do contrato para a prestación do servizo de mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase deixar sen efecto a reserva de crédito, por importe de 75.598,06 euros.

5.- Proposta da Alcaldía para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro, Área Comercial. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 9.000 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación dun protocolo de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santiago, para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago. Apróbase o protocolo e autorízase a sinatura do mesmo.